

Normativa específica do “Premio de Inverno-Primavera” de Dúatlon Cros 2022

- 1.- Compoñen o Premio de Inverno-Primavera de Dúatlon Cros 2022 as tres probas pertencentes ao Circuito Galego de Dúatlon Cros 2022 calendadas para os días 9 de Xaneiro, en Vimianzo, 24 de Abril, en As Pontes, e 17 de Maio en Baio.
- 2.- A participación no Premio estará aberta a deportistas con licenza anual de tempada de Tríatlon en vigor, deportistas con licenza da Federación Galega de Ciclismo (en virtude do convenio en vigor) e deportistas que subscriban licenza autonómica temporal de un día coa FEGATRI.
- 3.- A inscrición farase de forma individual para cada unha das probas a través das ligazóns habilitadas na páxina web da FEGATRI, <http://fegatri.org/probas-regulamento/>
- 4.- Outorgarase premio aos tres primeiros clasificados absolutos e ás tres primeiras clasificadas absolutas. Aínda que a participación ábrese a deportistas segundo o recollido no punto 2 deste regulamento, dito premio só será concedido a deportistas con licenza anual de tempada FEGATRI en vigor. Serán entregados ao finalizar a última das probas que compoñen o Premio.
- 5.- Cada unha das probas terá, ademais, a súa normativa particular e os premios individuais e colectivos que o organizador considere, alén de formar parte do Circuito Galego de Dúatlon Cros 2022. Estas normativas estarán tamén dispoñibles en <http://fegatri.org/probas-regulamento/>
- 6.- Se algunha das probas que compoñen o Premio de Inverno-Primavera non se chega a celebrar, o Premio quedaría cancelado e a clasificación quedará deserta. Porén, ante a cancelación de calquera das probas con suficiente antelación, a FEGATRI intentará suplila con outro evento coa maior brevidade posible.
- 7.- A clasificación final individual do Premio de Inverno-Primavera virá determinada pola **suma dos tempos invertidos polos/as deportistas en cada unha das tres probas** que o compoñen. Quen menos tempo invista en realizar as probas todas, será o vencedor.
- 8.- De cara á clasificación final individual do Premio, so se contabilizarán aquel competidor/a que comece todas as carreiras que o compoñen. Se un/unha participante comeza unha das probas, pero non consegue rematala, asignaráselle un tempo de 03:00:00 (3 horas) nesa proba.
- 9.- A non comparecencia de calquera premiado/a na cerimonia de entrega de premios, levará consigo a sanción económica e administrativa contemplada nos estatutos e regulamentos en vigor.